



## ANUNCIO

**Expte. 2022/E001/000003**

### **SELECCIÓN DUN/HA AUXILIAR DE BIBLIOTECA, FUNCIONARIO INTERINO EN RÉXIME DE ACUMULACIÓN DE TAREFAS, AO ABEIRO DO PLAN PEL-CONCELLOS 2022**

Por decreto de Alcaldía núm. 189/2022 de data 05.05.22, resolveuse a admisión e exclusión de aspirantes na contratación antedita, a designación do Tribunal e sinalouse a data da fase de oposición; sendo o contido literal do decreto o seguinte:

#### **“DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA**

**Expte: 2022/E001/000003**

**Selección dun/ha auxiliar de biblioteca, funcionario interino en réxime de acumulación de tarefas**

**Asunto: Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/excluídos; nomeamento Tribunal e data constitución do mesmo e realización fase oposición.**

Visto o expediente que se tramita para a selección dun/dunha auxiliar de biblioteca na modalidade de funcionario interino por acumulación de tarefas, ao abeiro do programa da Deputación da Coruña para á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, incluído na liña 1.1 do plan de emprego local PEL-Concellos 2022.

Rematado o prazo de 5 días naturais para emendar as deficiencias detectadas nas solicitudes, recíbense en data 28.04.22 co núm. de rexistro 2022000001192 e co núm. de rexistro 2022000001203 as subsanacións de dona Mariana Cecilia Zitare Hinojosa e Nerea Castelo Castro e o 02.05.22 co núm. de rexistro 2022000001232 a subsanación de dona Miriam Varela Ces.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 g) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e en consonancia coas bases da convocatoria que rexe este proceso selectivo, **RESOLVE**:

**Primeiro.-** Elevar a definitiva a listaxe provisional de persoas admitidas e excluír definitivamente do proceso ás persoas excluídas inicialmente por non emendar os defectos; listaxe publicada no tablón de anuncios e na páxina web do Concello:

## LISTAXE:

APellidos e Nome	DNI	Admitidos	Excluídos
Becerra Ríos, Laura	***0266**	SI	
Calvo Anca, Sara	***0774**	SI	
Carballal Mora, Ana	***0956**	SI	
Carballeira Dopico, María José	***7559**	SI	
Castelo Castro, Nerea	***2222**	SI	
Castro Mella, Cristina María	***8078**	SI	
Freire Fraga, Lidia	***0803**	SI	
García Caneiro, Ana María	***1304**	SI	
García Escamilla, David	***8164**	SI	
García Vergara, Lidia	***3929**	SI	
Gómez Alonso, Patricia	***7457**	SI	
González Hermida, Xana	***2424**	SI	
Iglesias González, Sara	***3353**	SI	
Lamela Chouciño, Gabriel	***6650**	SI	
López Abeledo, María de la Ó	***9804**	SI	
López Campello, Rocío	***3749**	SI	
López González, Carlos	***2022**	SI	
Ocampo Carballeira, Julia	***8894**	NON	1
Pérez Calvete, Cristina	***5751**	SI	
Ramil Avendaño, Cristina	***8541**	SI	
Redondo Balseiro, David	***2525**	NON	2
Varela Ces, Miriam	***0300**	SI	
Vázquez Pardo, Marife	***4022**	SI	
Vidal Cervo, Sonia	***8036**	SI	
Zitare Hinojosa, Mariana Cecilia	***2976**	SI	

Causas de exclusión por non acreditar:

- 1.-Xustificante de demanda de emprego **actualizada**.
2. Informe de desempleado de larga duración. (Un mínimo de 1 ano inscritos coma demandantes de emprego nos servicios públicos de emprego).

**Segundo.-** O Tribunal Cualificador, estará constituído polos seguintes membros:

Presidenta.- Carlota González Navarro, secretaria municipal do Concello de Valdoviño.

Suplente.- *Cristina Garay Aguirre, Técnica Superior de Persoal no Concello de Arteixo*

Secretaria.- Pilar Rivera Rodríguez, funcionaria do Concello de Valdoviño (área secretaria).

Suplente.- *Senén Martínez Prieto, funcionario do Concello de Valdoviño, (área servizos económicos)*

Vogais

Titular.- Rita Díaz González, técnico Cultura do Concello de Valdoviño

Suplente.- *Rosario García Villar, funcionaria do Concello de Valdoviño, (área servizos económicos)*.

Titular.- Elisa Marqués Parrilla.- Interventora do Concello de Valdoviño.

Suplente.- *Carlos Abeledo González, arquitecto municipal do Concello de Valdoviño.*

Titular.- Manuel Larrosa Rodríguez, secretario-interventor no Concello de Ares.  
Suplente.- Baldomero Beceiro Alonso, secretario-interventor no Concello de Monfero.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir notificándollo á autoridade convocante cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

Asemade, os aspirantes poderán recusalos cando concorran ditas circunstancias (art. 24 da Lei antedita no parágrafo anterior).

**Terceiro.-** A constitución do Tribunal Cualificador terá lugar o día 11 de maio do 2022 ás 10:00 horas na Casa do Concello.

**Cuarto.-** Os aspirantes deberán presentarse o vindeiro día **11 de maio de 2022 ás 10 horas e 30 minutos no Pavillón Polideportivo municipal de O Longoiro**, sito na parroquia de Meirás (Valdoviño) para a celebración do exercizo da fase da oposición do proceso selectivo.

**Quinto.-** Para a práctica do exercizo será requisito indispensable que as persoas interesadas concurran provistas do DNI ou documentación equivalente, que acredite de xeito indudable a súa identidade e acudirán con bolígrafo azul ou negro para a realización da proba.

Os aspirantes non poderán introducir no espazo onde se vai realizar o exame ningún dispositivo electrónico programable, con capacidade para almacenamento de voz e/ou datos ou transmisión dos mesmos. Tampouco se permitirá o uso de reloxos que aporten algunhas prestacións equivalentes ás anteriores. Todos estes elementos deberán estar fóra do alcance dos opositores, quenes ademáis deberán manter os seus pavillóns auditivos despexados para a verificación de que non usan dispositivos auditivos non permitidos.

**Sexto.-** Publíquese o presente decreto na páxina web municipal ([www.concellodevaldovino.com](http://www.concellodevaldovino.com)) e no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

*/Documento asinao polo Alcalde na data indicada á marxe/*

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Valdoviño, na data indicada á marxe.

O alcalde, Alberto González Fernández.